

**ANÁLISE DOS EQUIPAMENTOS  
E RECURSOS DE ATENCIÓN  
Á VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA  
(revisión 2010)**



**sindicato nacional  
de comisións obreiras**

Elaboración: M.<sup>a</sup> Jesús García Raposo  
Coordinación: Mabel Pérez Simal

Co gallo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, a Secretaría da Muller, en colaboración coa Secretaría de Política Social do S. N. de CCOO de Galicia, realizou un estudo sobre a situación dos recursos existentes para as mulleres vítimas de violencia na nosa comunidade autónoma. Aquí plasmamos os resultados obtidos.

Para elaborarmos este estudo contamos coa colaboración de diferentes entidades e organismos. Queremos facer unha especial mención dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, da Delegación do Goberno en Galicia, da Federación Española de Municipios e Provincias, do Colexio de Psicólogos de Galicia, dos Centros de Información á Muller, das Entidades de Iniciativa Social e da Secretaría da Muller de CCOO de Cantabria, entre outros.

## 1. ÍNDICE

<b>1.</b>	<b>PRÓLOGO</b> .....	<b>4</b>
<b>2.</b>	<b>ANÁLISE DE SITUACIÓN</b> .....	<b>6</b>
<b>3.</b>	<b>EQUIPAMENTOS</b> .....	<b>10</b>
	3.1. Equipamentos xudiciais .....	10
	3.2. Equipamentos policiais .....	11
	3.3. Equipamentos sociais .....	14
	3.4. Equipamentos psicolóxicos .....	21
<b>4.</b>	<b>SERVIZOS DE INFORMACIÓN XERAL</b> .....	<b>23</b>
<b>5.</b>	<b>OUTROS PROGRAMAS</b> .....	<b>23</b>
	5.1. Teleasistencia móbil para vítimas de violencia de xénero.....	23
	5.2. Sistemas de seguimento por medios telemáticos de cumprimento das medidas de afastamento en materia de violencia de xénero .....	24
<b>6.</b>	<b>PRESTACIÓNS ECONÓMICAS</b> .....	<b>25</b>
	6.1. Axudas económicas para vítimas de violencia de xénero .....	25
	6.2. Prestacións periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia.....	28
	6.3. Indemnización a favor das vítimas de violencia de xénero e dos menores e persoas dependentes afectadas por esta.....	30
<b>7.</b>	<b>INSERCIÓN LABORAL</b> .....	<b>31</b>
	7.1. Incorporación de mulleres vítimas de violencia de xénero a un programa de busca activa ou mellora de emprego .....	31
	7.2. Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, para os efectos da incorporación no programa de inserción laboral deste colectivo .....	32
<b>8.</b>	<b>FACILIDADES DE ACCESO Á VIVENDA</b> .....	<b>32</b>
	8.1. Adxudicación de vivendas do Programa de vivenda en aluguer a mulleres vítimas de violencia de xénero .....	32
<b>11.</b>	<b>FONTES CONSULTADAS</b> .....	<b>34</b>
<b>12.</b>	<b>LEXISLACIÓN</b> .....	<b>35</b>

## 1. PRÓLOGO

---

---

Dende o asasinato das irmás Mirabal, defensoras dos dereitos humanos, Nacións Unidas declarou o día 25 de novembro Día Internacional da Loita contra a Violencia de Xénero, resaltando así a magnitude, tanto pola súa extensión como pola súa intensidade, dun fenómeno, o da violencia contra as mulleres, que persiste incluso nas sociedades que definimos como *desenvolvidas*, e que acada graos de crueldade incompatibles non só co máis mínimo respecto aos dereitos humanos, senón co concepto mesmo de humanidade.

Emporiso, a erradicación da violencia esixe ser consciente de que a violencia de xénero non é senón unha expresión, causa e efecto asemade, da situación histórica de discriminación de que foron obxecto as mulleres e, por conseguinte, a resolución das situacións de violencia non pode acometerse de maneira satisfactoria se se manteñen contornos, condutas e situacións discriminatorias.

En primeiro lugar, debemos distinguir a violencia de xénero da violencia doméstica porque, sendo verdade que ás veces se poden confundir na medida en que a violencia de xénero ten lugar a miúdo no ámbito doméstico ou, se se prefire, de convivencia ou familiar, a violencia de xénero queda delimitada non polo lugar ou o contorno en que sucede, senón polo suxeito que a padece: a muller. A violencia de xénero é aquela da que son obxecto as mulleres polo feito de séreno.

Deste modo, considéranse violencia de xénero as seguintes accións ou condutas:

- As agresións físicas ou psíquicas á muller por quen sexa ou fora o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivera ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia. No caso de mulleres con discapacidade, tamén as agresións físicas ou psíquicas exercidas por homes do seu ámbito familiar ou institucional, aínda que non teñan a condición de cónxuxe ou persoa coa que estea ou estivera ligada por análoga relación de afectividade aínda sen convivencia.
- As agresións e abusos sexuais contra a muller.
- A mutilación xenital feminina en calquera das súas manifestacións.
- A indución a unha muller a exercer a prostitución, empregando violencia, intimidación ou engano, ou con abuso da situación de inferioridade, de necesidade ou vulnerabilidade da vítima.
- O acoso sexual no ámbito laboral e social.
- As detencións ilegais, ameazas e coaccións.
- O tráfico ou o favorecemento da inmigración clandestina de mulleres con fins de explotación sexual.

Son, por tanto, moi diversas as formas que pode adoptar a violencia de xénero, e a indubidable gravidade dos casos de morte non debería detraer atención a outras formas de violencia que teñen tamén unha alarmante incidencia no noso país.

Pero, como xa dixemos, a resolución das situacións de violencia non pode abordarse de maneira satisfactoria se se manteñen ambientes, condutas e situacións discriminatorias.

Dende a Secretaría da Muller e dende o conxunto das Comisións Obreiras facemos un chamamento a toda a cidadanía para, entre todos e todas, desenmascaramos e denunciarmos a violencia, comezando pola cotiá, para visibilizala e construír o que aínda temos pendente: acadar o verdadeiro status de cidadanía, superando o fóra de xogo do silenciado, do privado, do íntimo, do inmediato, do cotián.

Definimos a violencia como «a imposición da forza entre desiguais relacións de poder, que agride e xera o medo necesario para facernos máis dóciles, mansos e manexábeis».

Supón o esgotamento da vía do dereito, do respecto á palabra, da capacidade de dirimir o conflito dende un nivel abstracto, simbólico, dende a negociación. Supón renunciar ao poder da intelixencia, do convencemento, do razoamento, para gañar —ou perder— a paus, na inmediatez.

Violencia son as conversas falidas, tamén o silencio, a submisión, o menosprezo, a falta de respecto, a non autonomía económica, a discriminación, as guerras íntimas e cotiás..., exemplos que se ven decote e que se converten nos primeiros elos dunha cadea que, en boa medida, culmina nos gravísimos casos de violencia de xénero —eses si— máis visibles, os que saen nos xornais e nos informativos televisivos.

Violencia é o talle 36 nunha muller adulta, avergoñarse do propio corpo e sentir a necesidade de ocultalo; a esixencia de xuventude permanente, a imposición dun canon de beleza universal que nos marca o mercado a cambio de facer que nos odiamos; a explotación de corpos preparados para ser usados, o tráfico de mulleres por mafias que reciben dividendos por comercializar coa súa dignidade.

A liberdade, a igualdade, a cidadanía e os dereitos sexuais quedaron pendentes para as mulleres occidentais na modernidade, e seguen pendentes para a maioría de homes e mulleres na actualidade.


13 de febreiro de 2009.— O Consello de Ministros, por proposta do Ministerio de Igualdade, aprobou hoxe a distribución de 5.000.000 euros entre as comunidades autónomas para o desenvolvemento de programas e a prestación de servizos que garantan o dereito á asistencia social integral ás vítimas de violencia de xénero.

A ministra de Igualdade, Bibiana Aído, asegurou que «sendo esta unha competencia das comunidades autónomas, o Ministerio de Igualdade distribúe este fondo para, dentro dos programas para desenvolver en materia de asistencia social integral ás vítimas, reforzar e darlles prioridade a aqueles destinados á atención das mulleres estranxeiras e menores expostos a este tipo de violencia» (Ministerio de Igualdade, Gabinete de Comunicación)

Este 25 de novembro de novo nos diriximos ao Goberno da Xunta de Galicia para reclamar que asuma as súas competencias e garanta os equipamentos suficientes para a atención a todas as vítimas de violencia; que desenvolva a Lei 11/2007 de violencia galega e cree as condicións necesarias para previr e erradicar esta forma de terrorismo social, inaceptable nunha sociedade que se pretende desenvolvida e democrática.

## 2. ANÁLISE DA SITUACIÓN


Distribución de vítimas por violencia de xénero. Ano 2008



Fonte: Servizo de Inspección do Consello Xeral do Poder Xudicial. 2009

A teor dos datos da táboa anterior, Galicia é a quinta comunidade autónoma en número de vítimas de violencia de xénero en 2008, cun total de once vítimas mortais. Porén, estes datos deben ponderarse tendo en conta a poboación de cada comunidade autónoma, aplicando a taxa de asasinatos por cada 100.000 habitantes. Considerando esta taxa, Galicia sería a cuarta comunidade en vítimas por baixo da Rioxa, Murcia e Navarra.


**Distribución de vítimas por violencia de xénero. Ano 2009**



Fonte: Ministerio de Igualdade. 2010

Segundo os datos da táboa anterior, Galicia é a sexta comunidade autónoma en número de vítimas de violencia de xénero en 2009, cun total de tres vítimas mortais.


**Distribución das vítimas respecto das súas provincias. Ano 2008.**



Fonte: Servizo de Inspección do Consello Xeral do Poder Xudicial. 2009

A provincia de Pontevedra rexistrou o maior número de vítimas por violencia de xénero (5) no ano 2008, seguida da Coruña con 4 e Lugo con 2. A provincia de Ourense non rexistrou ningunha vítima en 2008.

**Distribución das vítimas respecto das súas provincias. Ano 2009.**



Fonte: Servizo de Inspección do Consello Xeral do Poder Xudicial. 2010

A provincia da Coruña rexistrou no ano 2009 o maior número de vítimas (2), seguida de Ourense (1). As provincias de Lugo e Pontevedra non rexistraron vítima ningunha en 2009.

#### ORDES DE PROTECCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO 2008

COMUNIDADE	SOLICITADAS	ACORDADAS	%	DENEGADAS	%
Andalucía	6.861	5.543	81%	1.290	19%
Aragón	981	884	90%	100	10%
Asturias	784	502	64%	276	35%
Baleares	1.275	800	63%	476	37%
Canarias	3.080	1.906	62%	1.068	35%
Cantabria	416	279	67%	137	33%
Castela e León	1.583	1.339	85%	244	15%
Castela-A Mancha	1.926	1.537	80%	285	15%
Cataluña	6.953	4.248	61%	2.457	35%
Valencia	5.042	4.451	88%	506	10%
Extremadura	690	585	85%	131	19%
<b>GALICIA</b>	<b>1.439</b>	<b>1.011</b>	<b>70%</b>	<b>420</b>	<b>29%</b>
Madrid	6.542	4.265	65%	2.187	33%
Murcia	2.098	1.881	90%	217	10%
Navarra	364	292	80%	72	20%
País Vasco	1.110	635	57%	427	38%
A Rioxa	276	247	89%	29	11%
España	41.420	30.405	73%	10.322	25%

Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial. Observatorio contra a violencia de xénero 2009

Na Comunidade Autónoma de Galicia solicitáronse 1.439 ordes de protección no ano 2008, das cales 1.011 (o 70% das solicitudes) foron acordadas e 420 (o 29% das solicitudes) foron denegadas.



### ORDES DE PROTECCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO 2009

COMUNIDADE	SOLICITADAS	ACORDADAS	%	DENEGADAS	%
Andalucía	7.115	5.287	74%	1.823	26%
Aragón	707	593	84%	115	16%
Asturias	833	426	51%	407	49%
Baleares	1.466	705	48%	761	52%
Canarias	3.057	1.978	65%	1.083	35%
Cantabria	399	253	63%	144	36%
Castela e León	1.584	1.260	80%	323	20%
Castela-A Mancha	2.181	1.746	80%	435	20%
Cataluña	6.787	3.947	58%	2.882	42%
Valencia	4.721	4.137	88%	643	14%
Extremadura	714	560	78%	160	22%
<b>GALICIA</b>	<b>1.322</b>	<b>815</b>	<b>62%</b>	<b>511</b>	<b>39%</b>
Madrid	6.570	4.161	63%	2.412	37%
Murcia	1.978	1.823	92%	155	8%
Navarra	366	240	66%	126	34%
País Vasco	989	595	60%	394	40%
A Ríoxa	294	256	87%	38	13%
España	41.083	28.782	70%	12.430	30%

Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial. Observatorio contra a violencia de xénero 2010

Na Comunidade Autónoma de Galicia solicitáronse 1.322 ordes de protección no ano 2009, 117 menos que no ano 2008, das cales 815 (o 62% das solicitudes) foron acordadas e 511 (o 39% das solicitadas) foron denegadas.

### DENUNCIAS INTERPOSTAS E RENUNCIAS Á CONTINUACIÓN DO PROCESO. 2008

COMUNIDADE	DENUNCIAS RECIBIDAS	RENUNCIAS AO PROCESO	DENUNCIAS /10.000 HAB.	DENUNCIAS POR CADA 10.000 MULLERES >15 ANOS	CC AA CON MAIOR N.º DENUNCIAS /HAB	RAZÓN RENUNCIAS /DENUNCIAS	RAZÓN ORDES /DENUNCIAS
Andalucía	29.102	2.998	35,5	71,7	5	10,30%	24%
Aragón	3.336	427	25,7	51,4	10	12,80%	30%
Asturias	2.387	330	22,2	42,7	13	13,80%	33%
Baleares	4.690	983	45,5	91,4	1	21,00%	27%
Canarias	9.087	906	44,9	89,9	3	10,00%	34%
Cantabria	1.214	89	21,2	41,5	15	7,30%	34%
Castela e León	5.459	845	21,6	42,7	12	15,50%	29%
Castela-A Mancha	5.193	574	26,3	52,9	8	11,10%	37%
Cataluña	20.365	2.048	28,2	56,1	7	10,10%	35%
Valencia	19.003	2.147	38,9	77,5	4	11,30%	27%
Extremadura	1.632	77	15	29,8	17	4,70%	42%
<b>GALICIA</b>	<b>5.959</b>	<b>507</b>	<b>21,5</b>	<b>41,5</b>	<b>14</b>	<b>8,50%</b>	<b>24%</b>
Madrid	22.480	2.266	37	71,6	6	10,10%	29%
Murcia	6.189	786	44,5	90,2	2	12,70%	34%
Navarra	1.490	395	24,6	49,1	11	26,50%	24%
País Vasco	3.739	581	17,5	34,1	16	15,50%	30%
A Ríoxa	800	141	25,9	52,2	9	17,60%	35%
España	142.125	16.100	31,4	62,4		11,30%	29%

Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial. Observatorio contra a violencia de xénero. 2009

Na Comunidade Autónoma de Galicia, no ano 2008, interpuxéronse 5.959 denuncias por violencia de xénero; en 507 delas se renunciou á continuación do proceso. A nosa

comunidade é a número décimo cuarta, de dezasete, en número de interposición de denuncias.

#### DENUNCIAS INTERPOSTAS E RENUNCIAS Á CONTINUACIÓN DO PROCESO. 2009

COMUNIDADE	DENUNCIAS RECIBIDAS	RENUNCIAS AO PROCESO	DENUNCIAS /10.000 HAB.	DENUNCIAS POR CADA 10.000 MULLERES >15 ANOS	CC AA CON MAIOR N.º DENUNCIAS /HAB	RAZÓN RENUNCIAS /DENUNCIAS	RAZÓN ORDES /DENUNCIAS
Andalucía	26.838	3.369	69%	62,9	6	12,6%	27%
Aragón	2.848	270	49%	42,4	10	9,5%	25%
Asturias	2.373	351	68%	42,0	11	14,8%	35%
Baleares	4.453	957	47%	81,8	3	21,5%	33%
Canarias	8.982	1.077	62%	85,4	1	12,0%	34%
Cantabria	1.172	78	59%	39,0	15	6,7%	34%
Castela e León	5.090	738	56%	39,4	13	14,5%	31%
Castela-A Mancha	5.370	766	57%	52,2	8	14,3%	41%
Cataluña	18.218	2.073	50%	48,4	9	11,4%	37%
Valencia	19.350	2.126	51%	75,5	4	11,0%	24%
Extremadura	1.702	92	78%	30,7	17	5,4%	42%
<b>GALICIA</b>	<b>6.068</b>	<b>452</b>	<b>67%</b>	<b>41,9</b>	<b>12</b>	<b>7,4%</b>	<b>22%</b>
Madrid	20.863	2.311	40%	63,4	5	11,1%	31%
Murcia	6.085	965	48%	85,1	2	15,9%	33%
Navarra	1.236	319	37%	39,2	14	25,8%	30%
País Vasco	4.058	660	57%	36,6	16	16,3%	24%
A Rioxa	834	158	48%	52,3	7	18,9%	35%
España	135.540	16.762	55%	57,4		12,4%	30%

Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial. Observatorio contra a violencia de xénero 2010.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, no ano 2009, interpuxéronse 6.068 denuncias por violencia de xénero, 109 máis que no ano 2008; en 452 delas se renunciou á continuación do proceso. A nosa comunidade é a número décimo segunda, de dezasete, en número de interposición de denuncias.

### 3. EQUIPAMENTOS

#### 3.1. Equipamentos xudiciais

##### 3.1.1. Xulgados específicos en violencia de xénero

Na Comunidade Autónoma de Galicia existen neste momento dous xulgados específicos en violencia de xénero, un na cidade da Coruña (Xulgado de violencia sobre a muller) e outro na cidade de Vigo (Xulgado de violencia sobre a muller, número 1). Nas demais cidades de Galicia os temas de violencia de xénero lévanos os xulgados de instrución, e nas vilas funcionan como xulgados específicos cando están de garda.

*Dende CCOO reclamamos a creación de novos xulgados específicos en violencia de xénero nas restantes principais cidades galegas (Santiago, Ferrol, Pontevedra, Ourense e Lugo), para evitar a saturación que sistematicamente se ven producindo, así como a*

*mellora da dotación e as infraestruturas precisas nos xulgados existentes, como no caso da Coruña, onde a súa localización era nun principio transitoria e a día de hoxe segue tendo graves deficiencias (sen fiestras, sen luz exterior, sen espazo, etc.). Esta situación mantense desde hai máis de tres anos, e hai poucos días que se empezou a corrixir coa posta de marcha das pertinentes obras.*

## 3.2. Equipamentos policiais

### 3.2.1. Unidades específicas dos corpos e forzas de seguridade

#### Garda Civil

Os EMUME (Equipos Muller Menor) son equipos creados en 1995 co obxectivo de mellorar a atención a mulleres e menores vítimas de determinado tipo de delitos, asegurándolles unha asistencia integral, personalizada e especializada, dende o momento en que se tiver coñecemento dos feitos e, especialmente, cando as vítimas presentaran as denuncias, considerando as agresións que puidesen sufrir en todos os ámbitos (familiar, laboral, escolar ou social), independentemente da súa idade, chegando á investigación criminal dos feitos máis graves e derivando ás vítimas cara a institucións específicas de protección públicas ou privadas.

En Galicia existe unha unidade en cada capital de provincia:

EQUIPO MULLER MENOR (EMUME)  
Unidade Orgánica de Policía Xudicial  
Cuartel da Garda Civil  
r/ Médico Devesa Núñez, 3  
15008 A Coruña

EQUIPO MULLER MENOR (EMUME)  
Unidade Orgánica de Policía Xudicial  
Comandancia da Garda Civil  
Praza Bretaña, s/n  
27002 Lugo

EQUIPO MULLER MENOR (EMUME)  
Unidade Orgánica de Policía Xudicial  
Comandancia da Garda Civil  
r/ Bieito Amado, 17  
32002 Ourense

EQUIPO MULLER MENOR (EMUME)  
Unidade Orgánica de Policía Xudicial  
Comandancia da Garda Civil  
r/ Domingo Fontán, 6  
36005 Poio (Pontevedra)

#### Policía Nacional

A Secretaría de Estado de Seguridade, dependente do Ministerio do Interior, para dar un servizo adecuado ás mulleres vítimas de violencia e atendelas cunha asistencia integral, personalizada e especializada, protexendo os seus dereitos dende o momento en que presentan a denuncia, e para investigar os casos, creou o Servizo de Atención á Muller (SAM) dentro do Servizo de Atención ás Familias (SAF) no ámbito da Policía Nacional.

O SAM recibe denuncias referidas a violencia de xénero, violencia doméstica e delitos contra a liberdade sexual, entre outros, e investigaos.

A atención que recibe a muller no SAM é personalizada e lévana a profesionais especializados.

Traballa en colaboración con institucións públicas e privadas relacionadas coa problemática da violencia doméstica, de xénero e delitos contra a liberdade sexual.

A composición dos SAM é mixta, intégranos homes e mulleres pertencentes a diversas escalas do Corpo Nacional de Policía.

#### Unidades do SAF:

SERVIZO DE ATENCIÓN Á FAMILIA (SAF)  
r/ Médico Devesa Núñez, 4  
A Coruña

SERVIZO DE ATENCIÓN Á FAMILIA (SAF)  
r/ Rodrigo de Padrón  
Santiago de Compostela

SERVIZO DE ATENCIÓN Á FAMILIA (SAF)  
r/ López Mora, 39  
Vigo

SERVIZO DE ATENCIÓN Á FAMILIA (SAF)  
r/ Mestre Vide, 4  
Ourense

#### Unidades de Prevención, Asistencia e Protección (UPAP)

Dende o ano 2003 todas as comisaría do Corpo Nacional de Policía dispoñen de UPAP (Unidades de Prevención, Asistencia e Protección contra os Malos Tratos á Muller) con policía especializados na protección da muller vítima de violencia de xénero.

A UPAP persegue potenciar a resposta policial que se ofrece á vítima de violencia de xénero mediante a asignación dun ou dunha policía co que poderá entrar en contacto en calquera momento, ben persoalmente ben por medio dun teléfono móbil que lle será entregado á vítima que responda ás seguintes características:

- Ser vítima de violencia de xénero por parte dun agresor que sexa, ou fose, o seu cónxuxe ou persoa ligada a ela por relacións similares de afectividade, incluso sen convivencia (art. 1 L. O. 1/2004).
- Ter denunciados os feitos sufridos.
- Estar ditada por un xuíz unha orde de protección a favor da vítima, ou unha resolución na que se establezan medidas de prohibición ou pena de afastamento contra o agresor.

Entre os cometidos que desenvolven os policía integrantes da UPAP destacan os seguintes:

- Manter contacto permanente coas mulleres que lles asignaron.
- Detectar as posibles situacións de risco para a muller protexida, vixiando a evolución desa situación e transmitindo ás unidades operativas a información precisa que permita a maior eficacia na actividade preventiva.

- Asesorar e acompañar a vítima na tramitación de procedementos policiais, xudiciais e asistenciais que lle afecten.
- Manter o control das zonas e áreas da vida cotiá (familiar e profesional) tanto da muller como do seu agresor.

Existe unha unidade da UPAP en cada capital de provincia (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra).

### **Policía Local**

Coa finalidade de prestar unha atención preferente á asistencia e protección das mulleres que foron obxecto de comportamentos violentos no ámbito familiar e atenuar, na medida do posible, os efectos deses malos tratos, créase no seo do Corpo da Policía Local de Vigo o EVAP (Equipo de Vixilancia e Apoio Policial), integrado por funcionarios policiais especializados no tratamento da violencia de xénero e doméstica, e con formación específica en instrumentos e indicadores de valoración do risco.

Ditada a orde de protección ou afastamento por un órgano xudicial (de calquera demarcación nacional), cando a vítima posúa domicilio no termo municipal de Vigo, automaticamente procederase á súa repartición, asignándose un policía á devandita orde para o seu control e seguimento personalizado (ben do C. N. de Policía ou de Policía Local de Vigo, segundo corresponda).

Establécense mecanismos que permiten unha comunicación fluída e permanente entre a vítima e o corpo da Policía Local de Vigo, con obxecto de dispor inmediatamente dos datos necesarios para avaliar a situación de risco en cada momento, e para ese efecto:

- Asígnase a dita función a persoal con formación especializada na asistencia e protección das vítimas de violencia de xénero.
- Facílitaselle á vítima un teléfono de contacto directo e permanente (24 horas) co funcionario policial asignado para a súa atención individualizada.
- Información á vítima dos dereitos e recursos á súa disposición.
- Recomendacións sobre autoprotección e modos de evitar incidentes.
- Comunícaselle ao agresor que a vítima dispón dun servizo policial de protección.
- Vixilancias periódicas no domicilio, lugar de traballo e en entradas e saídas dos centros escolares.
- Acompañamento á vítima en cantas actuacións de carácter xudicial, asistencial ou administrativas precise.
- Contactos persoais esporádicos e discretos coa vítima (acordando a conveniencia de empregar ou non uniforme e/ou vehículos con distintivos).
- Acompañamento ao denunciado a recoller efectos no domicilio se a Autoridade Xudicial acorda a súa saída del.
- Comprobación periódica do cumprimento polo agresor das medidas xudiciais de protección.
- Entrevista co persoal de Servizos Asistenciais que atenden a vítima/puntos de atención municipal, para identificar outros modos efectivos de protección.

— Traslado da vítima para o seu ingreso en centro de acollida, se proceder.

En caso de producirse un incumprimento de medida cautelar ou de condena en referencia á orde de afastamento imposta, establécese de forma inmediata un operativo policial tendente á localización e detención do denunciado, e celebrárase o xuízo o mesmo día que pasa a disposición xudicial o detido.

O EVAP convoca cursos de autodefensa para mulleres vítimas de violencia de xénero que sexan beneficiarias de orde de protección e posúan domicilio no termo municipal de Vigo

*En CCOO consideramos que o desexable sería un maior número de efectivos das devanditas unidades, xa que soportan unha inxente carga de traballo que dificulta que se promova a prevención. Tamén propoñemos a creación do Equipo de Vixilancia e Apoio Policial (EVAP) —existente xa na cidade de Vigo— nas grandes cidades galegas.*

*Do mesmo xeito, consideramos fundamental a creación dun protocolo de actuación entre os Corpos e Forzas de Seguridade e os equipamentos residenciais existentes, co fin de mellorar a coordinación e a eficacia das actuacións urxentes no menor tempo posible.*

### 3.3. Equipamentos sociais

#### 3.3.1. Centros de acollemento (Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollemento para mulleres vítimas de malos tratos)

Os centros de acollemento son establecementos destinados a albergar durante un período determinado as mulleres e, se for o caso, acompañadas das súas fillas e fillos menores ou incapacitados, que se encontren inmersas nunha problemática grave de malos tratos domésticos, inferidos polo cónxuxe ou persoa coa que manteña análoga relación de afectividade. Os centros de acollemento clasifícanse en *casas de acollemento* e *vivendas tuteladas* (art. 2.º da orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollemento para mulleres vítimas de malos tratos).

#### NÚMERO DE PRAZAS MUNICIPAIS/AUTONÓMICAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

PRAZAS MUNICIPAIS/AUTONÓMICAS	CASAS DE ACOLLEMENTO PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE	VIVENDAS TUTELADAS PARA
	XÉNERO	VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO
A Coruña	30	7
Lugo	0	18
Ourense	25	0
Pontevedra	20	12
<b>TOTAL</b>	<b>75</b>	<b>37</b>

Fonte: Elaboración propia. 2010

#### NÚMERO DE PRAZAS DE ONG DE GALICIA

PRAZAS DE ONG	CASAS DE ACOLLEMENTO PARA	VIVENDAS TUTELADAS PARA
	MULLERES EN EXCLUSIÓN	MULLERES EN EXCLUSIÓN
A Coruña	46	16
Lugo	0	0
Ourense	25	0
Pontevedra	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>71</b>	<b>16</b>

Fonte: Elaboración propia. 2010

*Dende CCOO queremos aclarar que o número de centros de acollemento facilitados na Guía de recursos y centros de Interés para mujeres 2009, publicada polo Instituto da Muller, non se corresponde coa realidade, xa que os centros de acollemento de iniciativa social non son específicos para mulleres vítimas de violencia de xénero, senón para mulleres en risco de exclusión social; debemos telo en conta á hora de contabilizar o número real de prazas existentes (que serían as de titularidade municipal e autonómica), pois as casas de acollemento de iniciativa social son un recurso utilizado pola administración nos casos de mulleres con problemáticas específicas ou cando non existe praza pública.*

*Cómpre salientar que cando falamos de «prazas» (tanto municipais como de iniciativa social) referímonos a unha soa persoa, é dicir, unha muller, un neno ou unha nena dependentes dela; polo que, por exemplo, para unha unidade familiar de tres persoas (muller con dous fillos ou fillas) cumprirían tres prazas.*

## Casas de acollemento

Son os establecementos destinados a lles dar aloxamento de forma temporal e con carácter de urxencia ás mulleres e as súas fillas e fillos menores ou incapacitados que sufran unha problemática de malos tratos domésticos. O tempo de permanencia nestes centros non será superior a tres meses, podendo establecerse unha prórroga por un período igual en circunstancias excepcionais (art. 3.A da Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollemento para mulleres vítimas de malos tratos).

### *Casas de acollemento na provincia da Coruña*

#### Casa de acollemento municipal (A Coruña)

TIPOLOXÍA	PRAZAS	RECURSOS HUMANOS
Mulleres vítimas de violencia de xénero con fillos/as menores ou incapacitados/as	15 prazas; 8 delas dependentes do Concello da Coruña e 7 con convenio coa Deputación da Coruña para persoas de fóra do municipio da Coruña	2 traballadoras sociais (unha delas directora da casa), 1 auxiliar administrativa, 7 auxiliares, 1 avogada e 1 psicóloga que van un día á semana (persoal do CIM)

#### Casa de acollemento Betania. Entidade sen ánimo de lucro (A Coruña)

TIPOLOXÍA	PRAZAS	RECURSOS HUMANOS
Mulleres en exclusión social, nais solteiras sen ingresos económicos con fillos/as menores	7 prazas de adultos e 3 de bebés	1 traballadora social (a ½ xornada), 3 relixiosas (unha das cales é a directora da casa), 5 voluntarios (unha das cales é avogada, outra de transporte, un de mantemento, dos educadoras)

Casa de acollemento para mulleres sen teito (Fogar Santa Lucía). Entidade sen ánimo de lucro (A Coruña)

TIPOLOXÍA	PAZAS	RECURSOS HUMANOS
Mulleres con enfermidades mentais e problemas de alcoholismo. Sen menores	18 prazas e 2 para casos de emerxencia	1 cociñeira, 1 auxiliar administrativa, 1 traballadora social (contrato medio ano), 1 psicóloga que dá cada 15 días, 1 psiquiatra que vai un día ao mes, dependente do SERGAS, 22 voluntarios, 4 relixiosas.

Residencia San Xosé. Entidade sen ánimo de lucro (A Coruña)

TIPOLOXÍA	PAZAS	RECURSOS HUMANOS
Mulleres vítimas de exclusión social. Aceptan nenos/as se son menores de 4 anos	21 prazas	Tanto para a casa de maiores, a casa de mulleres e a de homes: 1 director/coordinador, 1 educadora, 1 psicóloga, 1 cociñeira

Casa de acollemento municipal (Ferrol)

TIPOLOXÍA	PAZAS	RECURSOS HUMANOS
Mulleres vítimas de violencia de xénero cos seus fillos/as menores ou incapacitados/as	15 prazas, das cales 3 son con convenio coa Deputación da Coruña	1 traballadora social (directora da casa), 1 gobernanta, 5 auxiliares

*Casas de acollemento na provincia de Ourense*

Casa de acollemento municipal (Ourense)

TIPOLOXÍA	PAZAS	RECURSOS HUMANOS
Mulleres vítimas de violencia de xénero con fillos/as menores ou incapacitados/as	25 prazas	Datos non facilitados

Casa de acollemento das Adoratrices. Entidade sen ánimo de lucro (Ourense)

TIPOLOXÍA	PAZAS	RECURSOS HUMANOS
Mulleres en exclusión social con menores	25 prazas	1 psicóloga, 1 educadora social, 1 cociñeira, relixiosas como persoal de apoio, unha delas coordinadora da casa

*Casas de acollemento na provincia de Pontevedra*

Centro de Emerxencia de Mulleres Maltratadas (Vigo)

TIPOLOXÍA	PAZAS	RECURSOS HUMANOS
Mulleres vítimas de violencia de xénero con fillos/as menores ou incapacitados/as	20 prazas	1 psicóloga, 1 traballadora social, 3 educadoras sociais, 3 auxiliares, 1 avogada a tempo parcial, 1 directora



## Vivendas tuteladas

Son alternativas de fogar que acollen preferentemente mulleres procedentes de casas de acollemento e que serven de ponte cara a unha normalización da súa situación persoal e familiar. O tempo de permanencia non poderá superar un ano (art. 3.A da Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollemento para mulleres vítimas de malos tratos).

### *Vivendas tuteladas na provincia da Coruña*

#### Vivenda tutelada Betania. Entidade sen ánimo de lucro (A Coruña)

TIPOLOXÍA	PAZAS	RECURSOS HUMANOS
Mulleres en exclusión social, nais solteiras sen ingresos económicos con fillos/as menores	3 prazas de adulto e 3 de bebés	Os mesmos recursos humanos que teñen para a casa de acollemento

#### Vivenda tutelada municipal (Culleredo)

TIPOLOXÍA	PAZAS	RECURSOS HUMANOS
Mulleres vítimas de violencia de xénero con fillos/as menores ou incapacitados/as	7 prazas	1 directora, 1 gobernanta, persoal do CIM (Asesor xurídico e psicólogo)

#### Vivenda tutelada. Padroado Concepción Arenal. Entidade sen ánimo de lucro (Ferrol)

TIPOLOXÍA	PAZAS	RECURSOS HUMANOS
Mulleres en exclusión social con menores	13 prazas	1 coidadora, 1 educadora directora, persoal do CIM (psicólogo, traballador social e avogada), persoal Voluntario

### *Vivendas tuteladas na provincia de Lugo*

#### Vivendas tuteladas. Casa da muller de Lugo

TIPOLOXÍA	PAZAS	RECURSOS HUMANOS
mulleres vítimas de violencia de xénero con fillos/as menores ou incapacitados/a	18 prazas (realmente 15 porque teñen as veces complicacións de reparto de habitacións)	7 coidadoras, persoal do CIM (avogada, traballadora social e psicóloga)

### *Vivendas tuteladas na provincia de Pontevedra*

#### Vivendas tuteladas. Concello de Vigo

TIPOLOXÍA	PAZAS	RECURSOS HUMANOS
mulleres vítimas de violencia de xénero con fillos/as menores ou incapacitados/a	3 vivendas tuteladas: 12 prazas	

*A teor dos datos, comprobamos o escaso número de prazas públicas en centros de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero na nosa comunidade. En total hai 112 prazas, 75 en casas de acollemento e 37 en vivendas tuteladas, pero hai que ter sempre en conta que cada fillo/a ocupa unha praza. A iniciativa social atende as mulleres vítimas de violencia con problemáticas específicas que non teñen cabida nas prazas*

*públicas; este é o caso de mulleres con enfermidades mentais, drogodependencias, alcoholismo, emigrantes sen papeis, etc., co que se mesturan problemáticas moi desemeillantes e difícilase o seu tratamento por parte de profesionais.*

*Neste sentido, merece especial mención a creación, por parte da Asociación Alume (Asociación Lucense de Axuda a Enfermos Mentais), dunha vivenda tutelada de 4 prazas (máis unha de tránsito) para mulleres con enfermidade mental vítimas de maltrato. O piso conta co apoio dun psicólogo, unha educadora e unha auxiliar.*

*Na distribución por provincias, a que máis número de prazas públicas ten en centros de acollemento é a da Coruña, con 30 prazas en casas de acollemento e 7 en vivendas tuteladas, seguido de Pontevedra con 20 prazas no Centro de Emerxencia de Vigo e 12 prazas nas tres vivendas tuteladas dese mesmo concello. Nas restantes provincias o número de prazas é menor, xa que en Lugo existen 18 nunha vivenda tutelada municipal e en Ourense 25 da casa de acollemento municipal. No tocante aos recursos humanos dos centros, o artigo I B.2 da Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollemento para mulleres vítimas de malos tratos, fala de que «A ratio de persoal será aquela que permita a existencia dunha auxiliar por cada cinco persoas ingresadas no centro de acollemento, e unha cando menos, en horario nocturno». Tendo en conta este artigo, esta proporción non se cumpre en moitos dos casos.*

### **3.3.2. Puntos de encontro (Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia)**

Un *punto de encontro familiar* é un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situación de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer as relacións entre os nenos e nenas menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio ou outros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visita se ve interrompido, ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflictivo (art. 2.º do antedito decreto).

Os puntos de encontro poderán ser de titularidade das administracións públicas, que xestionarán estes servizos directamente ou a través da xestión indirecta.

Tamén poderán ser titulares de puntos de encontro familiar entidades privadas debidamente inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de conformidade co disposto na normativa de servizos sociais de Galicia (art. 3.º do Decreto 9/2009).

En Galicia existen varios puntos de encontro. Na provincia da Coruña: Centro Fonseca (Compañía de Xesús, A Coruña); Asociación A Carón (Ferrol); Asociación Encontro (Santiago de Compostela). Na provincia de Lugo: Asociación Acheganza (Lugo). Na provincia de Ourense: Asociación Punto Cero (Ourense). Na provincia de Pontevedra: Asociación Aloumiño (Pontevedra), Asociación Aloumiño (Vigo).

*Consideramos importante salientar que, aínda que o Decreto 9/2009 fala da posibilidade de que estes servizos sexan de titularidade pública, neste momento son todos dependentes de entidades privadas debidamente acreditadas.*

### **3.3.3. Centros de Información á Muller (CIM)**

Os CIM son un servizo de información ás mulleres, dependente da Concellaría da Muller, que proporciona con carácter permanente:

- asesoramento xurídico
- atención psicolóxica
- orientación profesional
- información en materia de recursos
- calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o demanden
- información e asesoramento en materia de igualdade de oportunidades aos grupos de mulleres que de forma colectiva o demanden


Os principios de actuación dos CIM son:

- o anonimato na identidade das usuarias, salvo decisión contraria destas;
- o respecto á vontade das usuarias na busca das posibles solucións e alternativas ás consultas expostas;
- a gratuidade de todos os servizos que se prestaren, e todo iso atendendo á vocación de servizo público;
- o respecto ao principio de confidencialidade por parte do persoal do CIM, que garantirá o carácter privado das comunicacións, salvo vontade en contra das usuarias.

Centros de Información da Muller:

- Provincia da Coruña: Ares, Arteixo, Arzúa, Boiro, Boqueixón, Carballo, Cee, Coirós, A Coruña, Culleredo, Curtis, Ferrol, A Laracha, Melide, Muxía, Negreira, Noia, Ordes, Ortigueira, Outes, Padrón, As Pontes, Ribeira, Santa Comba, Santiago, Teo e Zas.
- Provincia de Lugo: Burela, Chantada, Lugo, Mondoñedo, Monforte, Palas de Rei, Quiroga, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro.
- Provincia de Ourense: O Barco, O Carballiño, Castro Caldelas, Mancomunidade Terra de Celanova, Mancomunidade de Conso-Frieiras, Mancomunidade Terras do Navea Bibeí, Mancomunidade voluntaria do Ribeiro, Maceda, Muíños, Ourense, Verín, Viana do Bolo e Xinzo de Limia.
- Provincia de Pontevedra: Baiona, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, A Estrada, Gondomar, O Grove, A Guarda, Lalín, A Lama, Marín, Moaña, Nigrán, Poio, Pontearreas, Ponte Caldelas, Pontevedra, Porriño, Redondela, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Vigo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova.


### CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) POR PROVINCIAS



Fonte: Servizo Galego de Igualdade. 2009

Na provincia da Coruña existen 27 CIM, para un total de 94 concellos.  
Na provincia de Lugo existen 11 CIM, para un total 67 concellos.  
Na provincia de Ourense existen 13 CIM, para un total 92 concellos.  
Na provincia de Pontevedra existen 26 CIM, para un total 62 concellos.

### NÚMERO DE CIM RESPECTO DO NÚMERO DE CONCELLOS



Fonte: Elaboración propia. 2010

*Segundo estes datos, moitos concellos en Galicia non dispoñen dun Centro de Información á Muller; algúns dispoñen dun PIM (Punto de Información á Muller) nos que se asesora algúns días á semana, pero moitos outros non teñen nin sequera estes puntos (caso dos concellos da Fonsagrada, As Nogais, etc.), o que perpetúa a diferenza de recursos entre o urbano e o rural e a inferioridade de condicións das zonas rurais de Galicia, coas dificultades que disto derivan para atender as posibles vítimas desas zonas.*

#### 3.3.4. Servizos de orientación xurídica (colexios de avogados)

Os Servizos de Orientación Xurídica (SOX) dos colexios de avogados foron creados coa finalidade de asistir e asesorar a todos aqueles cidadáns e cidadás que teñen dereito ao beneficio de asistencia xurídica gratuíta (AXG), segundo o establecido na Lei 1/96 do 10 de xaneiro e polo Decreto 146/97 do 22 de maio, polo que se aproba o regulamento de asistencia xurídica gratuíta da Comunidade Autónoma de Galicia.

As súas funcións son:

- Informar a quen o requirir da documentación e requisitos necesarios para poder solicitar o dito beneficio. Recollida da solicitude e documentación.
- Asesorar o/a solicitante para facilitarlle a tarefa de cubrir o formulario de solicitude.
- Comprobar que a solicitude cumpre os requisitos esixidos pola lei.
- Finalmente, se a pretensión é viable, o/a solicitante cumpre todos os requisitos esixidos e a comisión informa favorablemente, designarase un/unha avogado/a provisionalmente e remitirase o expediente á Comisión Provincial de Asistencia Xurídica Gratuíta para a súa aprobación definitiva.

Servizos de Orientación Xurídica:

- Provincia da Coruña: A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela
- Provincia de Lugo: Lugo
- Provincia de Ourense: Ourense
- Provincia de Pontevedra: Vigo e Pontevedra

### 3.4. Equipamentos psicolóxicos

#### 3.4.1. Programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia doméstica

É un servizo prestado pola Secretaría Xeral de Igualdade en colaboración co Colexio Oficial de Psicología de Galicia, que ten como finalidade ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a mulleres vítimas de maltrato.

O acceso ao programa é gratuíto, presta atención as 24 horas do día e conta cun psicólogo/a coordinador/a e unha rede de profesionais que levan a cabo a intervención profesional en toda a Comunidade Autónoma de Galicia. Estes profesionais axudan as vítimas de malos tratos a afrontaren a situación que viviron e a reforzaren a súa autoestima, ademais de estimular a adquisición de habilidades e capacidades que favorezan a consecución da autonomía e a integración na vida social e laboral.

Préstase tamén un servizo telefónico de asesoramento e derivación para a atención terapéutica personalizada.

NÚMERO DE USUARIAS ACTIVAS POR PROVINCIA A FINAIS DE 2008

	MULLERES	NENAS	NENOS
A Coruña	117	21	14
Pontevedra	45	11	14
Ourense	13	3	4
Lugo	15	5	1
<b>TOTAIS</b>	<b>190</b>	<b>40</b>	<b>33</b>

Fonte: Colexio de Psicólogos de Galicia. 2009

Á espera do envío dos datos de 2009.


### 3.4.2. Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar

É un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio, dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella, coa súa familia, co seu círculo social e desexan adquirir novos modos de comportamento exentos de agresividade. O acceso é voluntario, gratuíto e anónimo.

O programa ofrece dúas áreas de atención: información e atención/intervención psicolóxica personalizada. Diríxese a homes con problemas de control da violencia que desexen:


- aprender a resolver conflitos sen violencia e comprender a natureza da violencia;
- relacionarse coas mulleres con respecto e igualdade;
- educar os seus fillos e fillas en igualdade;
- asumir hábitos positivos de relación e convivencia.

#### NÚMERO DE USUARIOS DO PROGRAMA ATA 2008



Fonte: Colexio de Psicólogos de Galicia. 2009

#### NÚMERO DE USUARIOS DO PROGRAMA ATA 2009



Fonte: Colexio de Psicólogos de Galicia. 2010.

En CCOO consideramos esencial este programa reeducativo e, á vista dos datos, entendemos que a participación dos homes nel é moi baixa, sobre todo, se temos en conta o número de denuncias interpostas por violencia.

## 4. SERVIZOS DE INFORMACIÓN XERAL

---

---

### **CENTRO DE ATENCIÓN A MULLERES**

Servizo Galego de Igualdade  
Avda. Glasgow, 10  
15080 A CORUÑA  
Tel.: 981 28 20 24 / 44

### **TELÉFONO DA MULLER 24 HORAS**

Servizo Galego de Igualdade  
900 400 273

## 5. OUTROS PROGRAMAS

---

---

### **5.1. Teleasistencia móbil (TAM) para vítimas de violencia de xénero**

É un proxecto posto en marcha pola Fundación Vodafone España e Cruz Vermella Española, coa creación da Fundación TECSOS.

Esta modalidade de teleasistencia permítelle á persoa ter conexión permanente coas Centrais de Atención de Alarmas de Cruz Vermella; cobertura en calquera lugar con acceso á telefonía móbil; estar localizada por sistema GPS e pola rede de Vodafone; apoio inmediato a través da telefonía móbil; mobilización dos recursos propios do usuario (familiares, veciñais, etc.) e dos recursos necesarios que existen na localidade.

Hoxe en día a TAM está axudando o colectivo de mulleres vítimas de violencia doméstica, a partir do concurso oficial convocado pola Administración e coa cooperación da FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias), Cruz Vermella resultou co-adxudicataria para prestar este servizo.

O IMSERSO e a FEMP puxeron en marcha un Servizo de Teleasistencia Móbil gratuíto, dirixido ás corporacións locais, principalmente aos concellos de menos de 20.000 habitantes, e sempre que a Deputación estea adherida ao programa. O servizo deseñouse especificamente para previr as agresións que padecen as mulleres por parte de quen é ou foi o seu cónxuxe ou de quen está ou estivo ligado/a por relacións similares de afectividade, aínda que non exista convivencia.

A teleasistencia móbil ofrécelles ás vítimas de violencia de xénero cunha orde de protección unha atención inmediata e a distancia, asegurando unha resposta rápida ás eventualidades que lle poidan sobrevenir, as 24 horas do día, os 365 días do ano en calquera lugar en que se atopen.

Este Servizo baséase na utilización de tecnoloxías da comunicación telefónica móbil e de telelocalización e permite que as mulleres con risco de sufrir violencia de xénero poidan contactar, en situacións de emerxencia, cun centro con persoal especificamente preparado para dar unha resposta axeitada á crise presentada, tanto de seguridade como de atención psicolóxica e social.

O sistema consta dun aparello (similar a un teléfono móbil) con GPS a través do cal o centro de atención coñece a situación da vítima de violencia de xénero. O contacto establecerase en todo momento e desde calquera lugar, só con premer un botón e na modalidade de «mans libres».

Cando se produza a situación de emerxencia, o Centro de Atención avisará axiña as autoridades policiais e servizos sociais máis próximos á vítima.

#### Obxectivos do servizo:

- Garantir unha atención inmediata e axeitada ante situacións de emerxencia, a través de persoal especializado, proporcionando seguridade á usuaria e mobilizando os recursos oportunos en función do tipo de emerxencia que se produza.
- Proporcionar tranquilidade e seguridade ás usuarias do servizo e a familiares que dependan directamente delas, ofrecéndolles apoio, información e asesoramento, e garantíndolles a comunicación interpersonal ante calquera necesidade as 24 horas do día.
- Potenciar a autoestima e a calidade de vida das usuarias do servizo, contribuíndo a crear unha rede social de apoio.
- Axudar a minguar a sobrecarga que soporta unha usuaria destas características, proporcionándolle tranquilidade sabendo que hai un equipo técnico e humano capaz de apoiar e resolver as incidencias que poidan sobreir.

#### Requisitos de acceso:

- Non convivir coa persoa ou persoas que as someteron ao maltrato.
- Que contén cunha orde de protección, sempre que o xuíz que a emitiu non considere contraproducente este servizo para a seguridade da usuaria.

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PROGRAMA DE TAMVG. 2008.

GALICIA	ALTAS	BAIXAS	USUARIAS ACTIVAS	PERSOAS ATENDIDAS
A Coruña	99	48	218	266
Lugo	13	2	32	34
Ourense	42	25	66	91
Pontevedra	57	30	110	140
<b>GALICIA</b>	<b>211</b>	<b>105</b>	<b>426</b>	<b>531</b>

*Programa de Telesistencia Muller Violencia Xénero. Fonte FEMP. 2009*

Ata o 31 de decembro de 2009, existen 466 usuarias en alta neste servizo en Galicia, segundo o III Informe anual do Observatorio Estatal da Violencia sobre a Muller.

## 5.2. Sistema de seguimento por medios telemáticos de cumprimento das medidas de afastamento en materia de violencia de xénero

Consiste nuns dispositivos que portan tanto o inculpado como a vítima. No caso do inculpado trátase dun brazaete axustable ao pulso ou ao xeonllo que funciona como transmisor de radiofrecuencia e que leva aparelado un dispositivo de rastrexadura GPS. O transmisor envía sinais ao centro de control para verificar que o inculpado leva consigo o localizador, e é capaz de activar unha alarma de coincidir a menos de 500 metros co dispositivo da vítima. A vítima porta un dispositivo parecido a un teléfono móbil que permite a comunicación de voz e datos co centro de control; inclúe un sistema de localización xeográfica por GPS, un botón de pánico para activar en casos de emerxencia e



un dispositivo de radiofrecuencia que detecta a proximidade do agresor para advertir tanto a vítima como o centro, se aquel se acercase.

Pactouse no ámbito estatal unha contratación inicial de 3.000 dispositivos ao Consorcio Securitas Direct-Telefónica o mes de xullo de 2009.

*Consideramos importante resaltar que ata xullo de 2010 só 8 maltratadores en Galicia dispoñen da pulseira con GPS. A nosa é a sexta comunidade con maior implantación, xa que o seu uso está a ser anecdótico en toda España. As únicas provincias que contan con máis dunha ducia de maltratadores controlados por este dispositivo son Madrid con 181, Andalucía con 42 e Valencia con 30.*

*Segundo datos do Ministerio de Igualdade, a implantación deste sistema en Galicia depende do maxistrado ou maxistrada encargado do caso.*

*Tendo en conta a efectividade do sistema, recoñecida polo propio Ministerio polo número de alertas a través das pulseiras, dende CCOO solicitamos que aumente a implantación deste servizo na nosa comunidade.*

## 6. PRESTACIÓNS ECONÓMICAS

---

---

### 6.1. Axudas económicas para vítimas de violencia de xénero

É unha axuda económica de pagamento único dirixida ás vítimas de violencia de xénero para as que quede acreditada a insuficiencia de recursos e unhas especiais dificultades para obterem un emprego.

As beneficiarias son as mulleres vítimas de violencia de xénero que, residindo en Galicia, estean amparadas por unha **orde de protección**. Tamén se considerará acreditada desta situación co informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de que a denunciante é vítima de violencia de xénero en tanto se dita a orde de protección, así como a sentenza condenatoria definitiva, ou definitiva e firme, que conteña medidas de protección que aboan a actualidade da situación da violencia.

#### Requisitos:

- Ser muller, maior de idade ou emancipada.
- Carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75% do SMI vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias. Unicamente se terán en conta as rendas ou ingresos de que dispoña ou poida dispoñer a solicitante da axuda, sen que se computen para estes efectos as doutros membros da unidade familiar que convivan coa vítima. Se a solicitante tiver responsabilidades familiares, entenderase que cumpre o requisito de carencia de rendas cando a renda mensual do conxunto da unidade familiar, dividida polo número de membros que a compoñen, non supere o 75% do SMI. Non se considerarán rendas ou ingresos as asignacións económicas da Seguridade Social por fillo/a ou menor acollido a cargo. As rendas que non procedan do traballo e se perciban con periodicidade superior ao mes computaranse a estes efectos rateándose mensualmente.

- Ter especiais dificultades para obter un emprego, o que se acreditará a través do informe do Servizo Galego de Colocación. Neste informe farase constar que a muller solicitante, debido á súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, non vai mellorar de forma substancial a súa empregabilidade coa súa participación nos programas de emprego específicos establecidos para a súa inserción profesional.
- Ter vixentes as medidas de protección establecidas nunha orde de protección, informe do Ministerio Fiscal ou sentenza xudicial.
- Non ter percibido esta axuda con anterioridade.

**Contía:**

- O importe da axuda será, con carácter xeral, equivalente a seis meses de subsidio por desemprego.
- Cando a vítima de violencia de xénero tiver responsabilidades familiares, o importe da axuda será equivalente a:
  - 12 meses de subsidio por desemprego cando teña a cargo un familiar ou menor acollido;
  - 18 meses de subsidio por desemprego cando a vítima tiver ao seu cargo dous ou máis familiares ou menores acollidos, ou un familiar e un menor acollido.
- Cando a vítima de violencia de xénero tiver recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33%, o importe da axuda será equivalente a:
  - 12 meses de subsidio de desemprego cando a vítima non teña responsabilidades familiares;
  - 18 meses cando teña a cargo un familiar ou menor acollido;
  - 24 meses cando teña a cargo dous ou máis familiares ou menores acollidos, ou un familiar e un menor acollido.
- Cando a vítima de violencia de xénero teña a cargo un familiar ou menor acollido cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%, o importe da axuda será equivalente a:
  - 18 meses de subsidio por desemprego cando a vítima tiver a cargo un familiar ou menor acollido;
  - 24 meses cando teña a cargo 2 ou máis familiares ou menores acollidos, ou un familiar e un menor acollido.
- Cando a vítima de violencia de xénero con responsabilidades familiares ou o familiar ou menor acollido con quen conviva tiver recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 65%, o importe da axuda será equivalente a 24 meses de subsidio por desemprego.

**Responsabilidades familiares:**

Existen responsabilidades familiares cando a beneficiaria teña ao seu cargo polo menos un familiar, por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao incluído, con quen conviva. Non se considerarán a cargo os familiares con rendas superiores ao SMI, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

As responsabilidades familiares deberán concorrer no momento da solicitude, agás no suposto de fillas e fillos nados dentro dos trescentos días seguintes, en que procederá revisar a contía da axuda percibida.

Entenderase que existe convivencia cando esta se encontre interrompida por motivos derivados da situación de violencia de xénero.

Non será necesaria a convivencia cando exista obriga de alimentos en virtude de convenio ou resolución xudicial e presumirase que existe, salvo proba en contrario, cando os familiares teñan a condición de beneficiarios no documento de asistencia sanitaria da solicitante.

**CONCESIÓN DE AXUDAS DE PAGAMENTO ÚNICO 2008.  
RESOLUCIÓN FAVORABLES**

A Coruña	11
Lugo	2
Ourense	1
Pontevedra	14
<b>TOTAL</b>	<b>28</b>

*Fonte: Servizo Galego de Igualdade. 2009.*

**CONCESIÓNS DE AXUDAS DE PAGAMENTO ÚNICO 2009.  
RESOLUCIÓNS FAVORABLES**

A Coruña	1
Lugo	3
Ourense	1
Pontevedra	5
<b>TOTAL</b>	<b>10</b>

Fonte: Servizo Galego de Igualdade. 2010.

*É preciso salientar que non dispoñemos da información de cantas solicitudes se presentaron e cantas se rexeitaron, como tampouco dos motivos das desestimacións.*

## **6.2. Prestacións periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero**

A finalidade destas prestacións é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero mediante prestacións económicas individuais e de carácter periódico, que lles garantan unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor e lles posibiliten dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación en que corren perigo.

As beneficiarias da prestación son mulleres que, acreditando unha situación de convivencia que as pon en risco de sufrir violencia de xénero, se atopen nunha situación que lles impida afrontar o seu futuro dun xeito autónomo e independente do seu agresor e que dispoñan dalgún dos documentos acreditativos desta situación de violencia adoptado ou emitido no período dos doce meses anteriores á data da solicitude, sempre que nese momento se producise o cesamento da convivencia.

### **Requisitos:**

- Ser muller, maior de idade ou emancipada.
- Residir en Galicia. As beneficiarias quedan obrigadas a manter a residencia na comunidade autónoma durante a percepción da prestación e a comunicar previamente calquera cambio de enderezo durante o mesmo período.
- Acreditar a situación de violencia derivada de convivencia.
- Non dispoñer de recursos económicos, ou seren estes de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor.
- Non ter percibido esta axuda con anterioridade.

### **Contía:**

Consiste nunha contía económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, mentres subsistan as circunstancias polas que se concedeu. O cómputo do período comeza o mes da solicitude, agás no suposto de que estivese percibindo outras axudas e renuncie a elas (ver incompatibilidades). Neste caso, detraeranse do cómputo total o número de mensualidades coincidentes.

- A contía establécese en función dos ingresos da solicitante en relación co IPREM e calcúlase de acordo coas seguintes especificacións:
  - 600 €/mes cando a beneficiaria perciba rendas de contía igual ou inferior ao IPREM ou teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%;

- 400 €/mes cando perciba rendas superiores ao IPREM e iguais ou inferiores ao dobre do IPREM;
- 200 €/mes cando perciba entre o dobre e o triplo do IPREM;
- As contías establecidas no parágrafo anterior incrementarase en 50 €/mes por cada fillo/a menor de idade a cargo.
- Incorporación a un programa de busca activa ou mellora de emprego que se desenvolve desde o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller en colaboración con outras administracións e entidades.

### Incompatibilidades:

Coa percepción de calquera outra establecida tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera entidade privada destinadas ao mesmo fin.

Cando a solicitante teña solicitada ou perciba a RAI (renda activa de inserción) por vítima de violencia, fará constar expresamente esta circunstancia na declaración de axudas xunto coa solicitude; e no caso de a solicitar con posterioridade, deberá comunicalo de xeito inmediato. O órgano xestor daralle opción a que, no prazo de 5 días, manifeste a súa opción, indicándolle que as mensualidades coincidentes no período de percepción de ambas as dúas axudas minoran no mesmo número de meses a axuda regulada nesta disposición.

Así mesmo, deberase ter en conta que as normas reguladoras das axudas como a RISGA, PNC (pensión non contributiva) e aqueloutros subsidios percibidos por carencia de recursos teñen límites distintos aos establecidos para esta axuda, polo que a concesión desta deberase comunicar aos organismos responsables da xestión das axudas que estivesen a percibir.

#### CONCESIÓN DE AXUDAS DE PAGAMENTO PERIÓDICO 2008. RESOLUCIÓN FAVORABLES

PROVINCIA	1.º SEMESTRE	2.º SEMESTRE	TOTAL
A Coruña	56	57	113
Lugo	19	12	31
Ourense	13	18	31
Pontevedra	50	34	84
<b>Total</b>	<b>138</b>	<b>121</b>	<b>259</b>

Fonte: Servizo Galego de Igualdade. 2009.

#### CONCESIÓN DE AXUDAS DE PAGAMENTO PERIÓDICO 2009. RESOLUCIÓN FAVORABLES

PROVINCIA	1.º SEMESTRE	2.º SEMESTRE	TOTAL
A Coruña	37	40	77
Lugo	22	20	42
Ourense	15	16	31
Pontevedra	22	45	67
<b>Total</b>	<b>96</b>	<b>121</b>	<b>217</b>

Fonte: Servizo Galego de Igualdade. 2010.

*É preciso salientar que non dispoñemos da información de cantas solicitudes se presentaron e cantas se rexeitaron, como tampouco dos motivos das desestimacións.*

*As axudas que promete a normativa tardan en chegar. O salario da liberdade —unha axuda económica dirixida ás maltratadas, que se xestiona dende a Xunta— tarda en varias provincias uns oito meses en concederse.*

### **6.3. Indemnización a favor das vítimas de violencia de xénero e dos menores e persoas dependentes afectadas por esta**

#### **Obxecto:**

Evitar situacións de precariedade económica das vítimas de violencia de xénero, garantindo que as mulleres e menores ou persoas dependentes, residentes en Galicia, que sufran ou se vexan afectadas por este tipo de violencia poidan percibir as indemnizacións, fixadas mediante sentenza xudicial ditada polos xulgados e tribunais con sede en territorio galego, que lles correspondan polos danos e perdas ocasionados como consecuencia da dita violencia, no caso de non se producir o pagamento das citadas indemnizacións por parte do obrigado a satisfacelas por mor da súa insolvencia.

#### **Beneficiarias:**

- As mulleres que sufran violencia de xénero.
- As persoas menores de idade que dependan dunha muller que sufra violencia de xénero.
- As persoas maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero.
- As persoas dependentes baixo o coidado dunha muller que sufra violencia de xénero.

#### **Requisitos:**

- Estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos galegos, polo menos durante o ano inmediatamente anterior á formulación da solicitude.
- Ter dereito á percepción dunha indemnización, por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede en Galicia.
- Que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento.
- Que a persoa beneficiaria se atope nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida. Enténdese que se produce precariedade cando a unidade de convivencia á que pertenza a persoa beneficiaria non percíbise, durante o período transcorrido do ano natural en que se formule a solicitude, uns ingresos económicos superiores ao importe do IPREM correspondente a ese período.
- No caso de menores de idade e maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero e de persoas dependentes ao coidado dunha muller que sufra violencia de xénero, acreditar suficientemente a dependencia da muller vítima da violencia de xénero.
- Ter recoñecido polo menos o grao I de dependencia ou un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.
- Compromiso de devolución, total ou parcial, da indemnización, durante o prazo de catro anos desde o momento da concesión, no caso de que, por cambio de fortuna do obrigado ao pagamento, este o realice de xeito voluntario ou forzoso.

**Contía:**

A contía da indemnización será a fixada pola resolución xudicial correspondente que quede pendente de pagamento tras a declaración de insolvencia do obrigado facelo, ata un máximo de 6.000 € por persoa beneficiaria, que se aboará mediante un pagamento único.

*Dende CCOO demandamos a participación directa dos axentes sociais no debate, seguimento das contías, número de solicitudes, etc.*

**7. INSERCIÓN LABORAL****7.1. Incorporación de mulleres vítimas de violencia de xénero a un programa de busca activa ou mellora de emprego**

A través deste servizo xéranse expedientes de asesoramento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e tramítase a súa incorporación a un programa de busca activa ou mellora de emprego.

Este programa concédese normalmente canda a axuda económica periódica, pois as beneficiarias, de acordo co disposto no artigo 3.4 da Resolución do 16 de xaneiro de 2008, quedan incorporadas automaticamente a esta prestación. Porén, tamén se atende a outras vítimas de violencia de xénero que non proceden da tramitación ou concesión da prestación periódica e que simplemente acceden a través doutros sistemas de derivación.

**NÚMERO DE MULLERES INCORPORADAS AO PROGRAMA. 2008**

PROVINCIA	1.º SEMESTRE	2.º SEMESTRE	TOTAL
A Coruña	39	22	<b>61</b>
Lugo	15	13	<b>28</b>
Ourense	8	14	<b>22</b>
Pontevedra	6	11	<b>17</b>
<b>TOTAL</b>	<b>68</b>	<b>60</b>	<b>128</b>

Fonte: Servizo Galego de Igualdade. 2009

**NÚMERO DE MULLERES INCORPORADAS AO PROGRAMA. 2009**

PROVINCIA	1.º SEMESTRE	2.º SEMESTRE	TOTAL
A Coruña	43	21	<b>64</b>
Lugo	13	2	<b>15</b>
Ourense			
Pontevedra			
<b>TOTAL</b>	<b>56</b>	<b>23</b>	<b>79</b>

Fonte: Servizo Galego de Igualdade. 2010

## 7.2. Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, para os efectos da incorporación no programa de inserción laboral deste colectivo

O artigo 2.º b da Orde do 2 de maio de 2006 establece como un dos documentos que debe acompañar a solicitude de incorporación ao programa, a certificación acreditativa da condición de vítima, expedida polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección, dependente do Servizo Galego de Igualdade do Home e da Muller.

NÚMERO DE CERTIFICACIÓNS EMITIDAS. 2008

PROVINCIA	1.º SEMESTRE	2.º SEMESTRE	TOTAL
A Coruña	35	42	77
Lugo	16	24	40
Ourense	5	17	22
Pontevedra	36	29	65
<b>TOTAL</b>	<b>92</b>	<b>112</b>	<b>204</b>

Fonte: Servizo Galego de Igualdade. 2009

NÚMERO DE CERTIFICACIÓNS EMITIDAS. 2009

PROVINCIA	1.º SEMESTRE	2.º SEMESTRE	TOTAL
A Coruña	41	47	88
Lugo	20	10	30
Ourense	24	14	38
Pontevedra	52	34	86
<b>TOTAL</b>	<b>137</b>	<b>105</b>	<b>242</b>

Fonte: Servizo Galego de Igualdade. 2010

*Dende CCOO entendemos que todos estes programas deben incluírse no diálogo social, xa que fan parte del.*

## 8. FACILIDADES DE ACCESO Á VIVENDA

### 8.1. Programa de vivenda en aluguer a mulleres vítimas de violencia de xénero

Implantar a adxudicación directa da vivenda procedente do Programa de vivenda en aluguer en réxime de arrendamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero mediante a exclusión do procedemento xeral de adxudicación.

As beneficiarias son as mulleres vítimas de violencia de xénero e que estean incorporadas ao Programa de vivenda en aluguer como solicitantes de vivenda. A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase por algún dos seguintes medios:

- Resolución xudicial
- Orde de protección xudicial a favor da solicitante
- Informe do Ministerio Fiscal



## — Informe dos servizos sociais correspondentes ou centro de acollemento

## NÚMERO DE INFORMES EMITIDOS DE CONCESIÓN DE VIVENDA EN ALUGUER. AÑO 2008

PROVINCIA	1.º SEMESTRE	2.º SEMESTRE	TOTAL
A Coruña	31	31	62
Lugo	11	2	13
Ourense	4	1	5
Pontevedra	27	8	35
<b>TOTAL</b>	<b>73</b>	<b>42</b>	<b>115</b>

Fonte: Servizo Galego de Igualdade. 2009

## NÚMERO DE INFORMES EMITIDOS DE CONCESIÓN DE VIVENDA EN ALUGUER. AÑO 2009

PROVINCIA	1.º SEMESTRE	2.º SEMESTRE	TOTAL
A Coruña	17	20	37
Lugo	5	0	5
Ourense	0	0	0
Pontevedra	9	15	24
<b>TOTAL</b>	<b>31</b>	<b>35</b>	<b>66</b>

Fonte: Servizo Galego de Igualdade. 2010

*É preciso salientar que non dispoñemos da información de cantas solicitudes se presentaron e cantas se rexeitaron, nin tampouco os motivos das desestimacións.*

*Dende CCOO entendemos que todos estes programas deben incluírse no diálogo social, xa que fan parte del.*

*Estas axudas tamén tardan meses en chegar, o que, en moitos casos, lles complica a estas mulleres iniciar unha vida normalizada e prolonga a súa institucionalización.*

## 11. FONTES CONSULTADAS

Subdirección Xeral de Estudos e Cooperación. Instituto da Muller (2009), *Guía de recursos y centros de interés para mujeres 2009* [en liña], Ministerio de Igualdade <[http://www.inmujer.migualdad.es/mujer/servicios/guia\\_recursos/Guiarecursos.doc](http://www.inmujer.migualdad.es/mujer/servicios/guia_recursos/Guiarecursos.doc)> [consulta: novembro 2009]

Secretaría Xeral da Igualdade (ed.) (2006), *Guía de recursos para mulleres que sofren violencia de xénero* [en liña], Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar. Xunta de Galicia <<http://sgi.xunta.es/document/guiarecursos.pdf>> [consulta: novembro 2009]

Servizo Galego de Igualdade, *Estatística de violencia de Xénero 2008* [en liña], Xunta de Galicia <<http://sgi.xunta.es/>> [consulta: novembro 2009]

Instituto da Muller, *Mujeres muertas por violencia de género a manos de su pareja o expareja por CCAA*, [en liña], <<http://www.inmujer.migualdad.es/MUJER/mujeres/cifras/tablas/W804.XLS>> [consulta: novembro 2009]

Ministerio de Igualdade, *Guía de los derechos específicos de las mujeres víctimas de violencia de género*, Ministerio de Trabajo e Inmigración (ed.) [en liña], <http://www.migualdad.es/ss/Satellite?blobcol=urldata&blobheader=application%2Fpdf&blobheadername1=Content-disposition&blobheadervalue1=inline&blobkey=id&blobtable=MungoBlobs&blobwhere=1244651905431&ssbinary=true> [consulta: novembro 2009]

Instituto Galego de Estatística, <[www.ige.es](http://www.ige.es)>

Instituto Nacional de Estatística, <[www.ine.es](http://www.ine.es)>

Observatorio da Violencia de Xénero, *II Informe anual del Observatorio Estatal de Violencia sobre la mujer* (2009) [en liña], <[http://www.observatorioviolencia.org/upload\\_images/File/DOC1244041149\\_II\\_informe\\_anual.pdf](http://www.observatorioviolencia.org/upload_images/File/DOC1244041149_II_informe_anual.pdf)> [consulta: novembro 2009]

Consello Xeral do Poder Xudicial, [en liña] <<http://www.poderjudicial.es/eversuite/GetRecords?Template=cgpj/cgpj/principal.htm>> [consulta: novembro 2009] (Datos de denuncias, procedementos penais e civís rexistrados, ordes de protección solicitadas nos xulgados de violencia sobre a muller e sentenzas ditadas polos órganos xurisdicionais nesta materia no ano 2008.)

Observatorio da Violencia de Xénero, *III Informe anual del Observatorio Estatal de Violencia sobre la mujer* (2010).

Consello Xeral do Poder Xudicial, [en liña] <<http://www.poderjudicial.es/eversuite/GetRecords?Template=cgpj/cgpj/principal.htm>> [consulta: novembro 2010] (Datos de denuncias, procedementos penais e civís rexistrados, ordes de protección solicitadas nos xulgados de violencia sobre a muller e sentenzas ditadas polos órganos xurisdicionais nesta materia no ano 2009.)

## 12. LEXISLACIÓN

---

---

Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollemento para mulleres vítimas de malos tratos.

Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica.

Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Orde do 2 de maio de 2006, pola que se regula o programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia.

Orde do 12 de xullo de 2007, pola que se regulan as medidas de acción positiva para a adxudicación de vivendas no Programa de vivenda en aluguer a mulleres vítimas de violencia de xénero

Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (Esta Lei é nova no estado, xa que modifica as condicións de acreditación da condición de vítima de violencia de xénero e posibilita que a acreditación a leven a cabo os servizos sociais.)

Real Decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.